Asinado dixitalmente por:
Xosé Antón Sarmiento Méndez (Secretario)

Data: 19/02/2024 01:21:41
Razón: Rexistro Xunta Electoral Galicia

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
REXISTRO SAÍDA Nº: 1434/2024
DATA ASENTO: 19/02/2024

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Destinatario: representante xeral da entidade política VOX (VOX).

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 18 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia da representante xeral do partido político VOX, contra a Xunta de Galicia e o Conselleiro do Mar D. Alfonso Villares Bermúdez, por unha posible infracción do artigo 50 da LOREX.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 16 de febreiro de 2024, a representante xeral do partido político VOX presenta escrito (RE 524/2024), no que formaliza denuncia contra a Xunta de Galicia e o Conselleiro do Mar D. Alfonso Villares Bermúdez, por unha posible infracción do artigo 50 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX) relacionada coa vulneración do principio de neutralidade, na que efectúa, entre outras, as seguintes manifestacións:

> *"**...**el 15 de febrero de 2024 a las 16:37 horas se ha publicado la siguiente noticia:*
> *https://www.elsaltodiario.com/galicia/xunta-ingresa-550-euros-cada-mariscador-gallego-tres-dias-elecciones-autonomicas*
> *https://twitter.com/elsaltodiario/status/1758160111489389027?s=46&t=4Dpj8sxD4MIM1vxPLSBcFQ*
> *Tal y como informan los medios de comunicación, tales hechos han consistido en ingresas en nombre de la XUNTA DE GALICIA 550 euros a cada mariscador gallego a tan solo 72h de los comicios. Se adjuntan los anuncios en medios de comunicación:*
> *1. LAVOZDEGALICIA: "Un cheque de 550 euros para más de 7.000 gallegos por la catástrofe marisquera."*
> *https://www.lavozdegalicia.es/noticia/somosmar/2024/02/01/cheque-550-euros-7000-gallegos-catastrofe-marisquera/00031706782179881524436.htm*
> *2. ANTENA 3: "Una ayuda de 550 euros para 7.200 gallegos por la crisis del marisqueo "*
> *https://www.antena3.com/noticias/economia/ayuda-550-euros-7200-gallegos-crisis- marisqueo_2024020265bd4749b834070001f23d2c.html*
> *El anuncio y el ingreso de los 550€ en periodo de campaña electoral que ha realizado la Xunta de Galicia es contrario a derecho, porque los anuncios de esta medida en estas fechas supone vulnerar el principio de neutralidad contenido en el artículo 50 LOREG, al utilizar como hecho de campaña los logros que el partido en el poder institucional. Y el pago efectivo a menos de 72 h de la campaña constituye un gravísimo atentado a esa neutralidad, como lo demuestra la relevancia pública y la sorpresa de los propios medios de comunicación"*

2. O 16 de febreiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias copia da denuncia aos efectos de formular alegacións (RS 1389/2024), extremo que se comunicou á representante xeral de VOX (RS 1390 /2024).

3. O 17 de febreiro de 2024 o secretario xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia formulou alegacións (RE 534/2024) motivando a conformidade dos feitos denunciados co establecido na LOREX, efectuando, entre outras afirmacións, as seguintes:

> *"- Os feitos que se denuncian refírense ao feito do pagamento dunha axuda de 550 euros "a cada mariscador galego", segundo afirma a denuncia, o que non é certo, pois se esquece de advertir que só se concede a axuda ás persoas que reúnan os requisitos establecidos nunha convocatoria publicada no DOG que nin menciona..."*

A denuncia mantén que estes "anuncios" son contrarios a dereito dado que vulneran o principio de neutralidade contido no artigo 50 LOREG. Esta tese fundaméntase en que "*al utilizar como hecho de campaña los logros que el partido en el poder institucional*". Porén non existe campaña institucional nin informativa ningunha imputable á administración.

En definitiva, os feitos que denuncia relata, isto é o pagamento da axuda nestes días, non son subsumibles no artigo 50 da LOREG, en ningún dos seus apartados. Non estamos ante unha "campaña institucional" (art. 50.1); nin ante actos dos poderes públicos que conteñan alusións ás realizacións ou logros obtidos (art. 50.2); nin ante actos de inauguración de obras ou servizos públicos ou proxectos destes (art. 50.3)..."
"...- Non estamos, en particular, pese ao que expresa a denuncia, ante una "promesa electoral...Tampouco estamos ante unha actuación dun "goberno en funcións... O mero pagamento dunha axuda xa concedida non é unha "mensaxe", é un acto administrativo de cumprimento da convocatoria. Non entendemos onde está a "promesa" de continuidade das axudas se o goberno continúa...En efecto, o artigo 50 LOREX non impide a actuación administrativa ordinaria...".

Fundamentos Xurídicos

Primeiro. O artigo 50 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), prohibe expresamente no seu apartado 2 durante o período electoral "*calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polo poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos*".

Segundo. Na Instrución 2/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, sobre a interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación ao obxecto e aos límites das campañas institucionais e dos actos de inauguración realizados polos poderes públicos en período

electoral, inclúe entre as accións institucionais permitidas, *"as campañas informativas que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos. Nestes casos o envío de cartas ou mensaxes aos interesados ou a inserción de anuncios en espazos ou lugares públicos ou en medios de comunicación, deberá limitarse estritamente a proporcionar información de interese xeral sobre a conclusión dunha obra pública, a posta en marcha ou o funcionamento dun servizo público, sen que poida conter connotacións electoralistas nin alusións ás realizacións ou logros obtidos polos poderes públicos afectados"* [apartado cuarto punto b) e derradeiro parágrafo].

En actos financiados polos poderes públicos non se poderán realizar actuacións que teñan contido electoralista ou se empreguen como campaña de realizacións ou logros obtidos, resultando improcedente polo tanto, que as autoridades ou funcionarios realicen actos ou declaracións nese sentido (Ac. XEC do 8 de xuño de 2016, Ac. XEC do 14 de abril de 2011, Ac. XEC do 7 de abril de 2011).

Terceiro. A Xunta Electoral Central ten declarado reiteradamente que as administracións públicas no período electoral poden continuar co exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas*: «El artículo 50.2 de LOREG no prohíbe que durante los períodos electorales las administraciones públicas puedan ejercer las potestades administrativas que tengan legalmente atribuidas»* (Ac. XEC do 4 de marzo de 2020).

Polo tanto, o inicio do período electoral "*no interrumpe aquellas actuaciones de los poderes públicos que resulten necesarias para la salvaguarda del interés público o para el correcto desarrollo de los servicios públicos"* (Ac. XEC do 10 de maio de 2011), e tampouco impide a información sempre que se limite estritamente a proporcionar aquela que sexa de interese xeral (Ac. XEC do 14 de abril de 2011) ou que sexa útil, carente de valoracións electoralistas e enmarcada dentro dunha campaña informativa específica (Ac. XEC do 16 de maio de 2019).

Cuarto. Os feitos que se denuncian refírense á información publicada sobre o pagamento dunha axuda de 550euros en virtude dunha concesión directa de axudas de carácter extraordinario destinadas a garantir a sostenibilidade da actividade marisqueira, mediante a aportación de fondos para compensar a minoración dos ingresos económicos percibidos (código de procedemento PE130A), publicada no DOG número 23, do 1 de Febreiro de 2024.

As persoas beneficiarias desta axuda deben reunir os requisitos que se establecen no punto sexto da resolución do 30 de xaneiro de 2024: 1. Ser titular dun permiso de explotación en vigor para marisqueo a pe de recursos marisqueiros xerais, para marisqueo a pe empregando embarcación auxiliar ou persoas armadoras de embarcacións con permiso de explotación coa modalidade de marisqueo a flote con vara. 2. Non alcanzar como resultado económico da actividade extractiva, ingresos equivalentes a 5 veces o IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples, índice

de referencia en España para a asignación de axudas e subsidios en función dos ingresos), durante o período conxunto dos meses de outubro e novembro de 2023 3. Ademais terán dereito á axuda aquelas persoas en situación de incapacidade temporal, cese de actividade, ou que estivesen percibindo algunha compensación por inactividade en todo ou en parte do período comprendido entre outubro e novembro de 2023, sempre que a suma das prestacións percibidas e os ingresos por marisqueo non alcanzasen importes equivalentes ao nivel de 5 veces o IPREM no mesmo período.

Quinto. – A información reseñada se recolle en medios de comunicación privados, en concreto na "La Voz de Galicia", do 1 de febreiro de 2024) e na web de noticias Antena3, do 2 de febreiro de 2014. Noticias ambas, que segundo o parecer desta Xunta electoral, non teñen encaixe, en ningunha das prohibición recollidas no artigo 50 da LOREX nin na instrución 2/2011 que o desenvolve, xa que, non estamos ante unha "campaña institucional" (art. 50.1); nin ante actos dos poderes públicos que conteñan alusións ás realizacións ou logros obtidos (art. 50.2); nin ante actos de inauguración de obras ou servizos públicos ou proxectos destes (art. 50.3). E como a JEC ten reiterado, os períodos electorais non paraliza as actuacións dos poderes públicos e no suposto denunciado esta xunta considera que se trata de información sobre a concesión de axudas á actividade marisqueira recollida en medios privados de comunicación sen que a mesma supoña infracción electoral.

Á vista do que antecede

Acorda

Arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 14.00 horas do próximo día 20 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal

A Coruña, data da sinatura electrónica
Por orde do presidente
da Xunta Electoral de Galicia